



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E O CONCELLO DA VEIGA, PARA A DOTACIÓN DO EQUIPAMENTO DO OBSERVATORIO ASTRONÓMICO EN A VEIGA

(1) Esta consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda é o órgano da Administración Autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias e funcións en materia de materia de información, educación e formación ambiental así como no fomento de programas e accións de concienciación dos cidadáns para garantir o respecto e a mellora do ambiente, de conformidade co establecido no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e co establecido no Decreto 106/2018, do 4 de outubro, polo que se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos desenvolver novos programas e actividades no eido das súas competencias no observatorio astronómico en A Veiga.

(2) Antecedentes O 17 de outubro de 2017 asonouse Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de A Veiga para a realización do proxecto “Construción do Observatorio Astronómico en A Veiga”. O Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación interadministrativa para a construción e posta en funcionamento do proxecto denominado “Observatorio Astronómico de A Veiga”, con criterios de eficiencia enerxética e de loita contra a contaminación lumínica.

A través de dito convenio a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (agora Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda) comprometeuse á colaboración na dotación do equipamento necesario para a posta en funcionamento do observatorio, unha vez rematadas as actuacións obxecto do presente convenio, establecéndose que a dotación será concretada a través do correspondente convenio de colaboración.

O 10 de xullo de 2018 asinouse a Addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Instituto Enerxético de Galicia, a Axencia de Turismo de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de A Veiga para a realización do proxecto “Construción do Observatorio Astronómico en A Veiga” para modificar varias cláusulas do Convenio de colaboración xa que, debido a atrasos na concesión dos permisos solicitados polo concello e preceptivos para a realización das obras, foi preciso modificar o prazo de realización das actuacións previstas no citado convenio, de xeito que se estendan á anualidade 2019.

En concreto a addenda modifica as cláusulas quinta, sexta e décimo segunda do convenio, manténdose, en calquera caso, o compromiso asumido pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio relativo á dotación do equipamento do Observatorio.

(3) Finalidade Para os efectos sinalados e dado que o concello de A Veiga xa rematou a obra de construción prevista no convenio asinado o 17 de outubro de 2017, tense previsto





formalizar co concello de A Veiga o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 16 de decembro de 2019.

(4) O convenio ten por obxecto regular a colaboración específica entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de A Veiga co fin de dotar do equipamento necesario para a posta en funcionamento do Observatorio Astronómico de A Veiga. Pola súa banda, o observatorio astronómico permitirá á consellería desenvolver novos programas e actividades no eido das súas competencias.

(5) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

A consellería do Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten competencias en conservación do patrimonio natural, divulgando e promovendo a educación ambiental do público en xeral e en particular aos sectores directamente implicados na conservación da natureza, segundo a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Nesta liña a Consellería traballa o fomento da participación pública, a través da cooperación e colaboración activa dos sectores sociais e económicos implicados, asumindo unha responsabilidade compartida na conservación non marco duna política global de medio ambiente e baixo o deber de conservar e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa, establecido no artigo 45.2 da Constitución española.

Deste xeito, desenvolver a capacitación para a acción se converte no ideal formativo desde unha perspectiva democrática da educación ambiental, onde procurárase a posta en valor dos compoñentes da biodiversidade, atendendo a necesidade do carácter colectivo e vantaxoso para todos os individuos e segmentos sociais, e co fin da educación ambiental como interese xeral.

Por isto a actividade obxecto do convenio resulta beneficioso para toda a sociedade e se distribúe equitativamente entre todos os individuos perfeccionando o seu benestar, sensibilidade ambiental e coñecemento.

Entendendo por convenio o acordo de vontades adoptado por escrito entre as partes asinantes que o subscriben nun plano de igualdade, para a consecución de fins de interese común en competencias que lle son propias, e tendo en conta os principios de información mutua, a cooperación e a colaboración que inspiran as relacións das administracións públicas, en consideración á razón de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo ou que se fai constar para vos efectos do previsto no artigo 19.4 c) e 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia e no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Para articular esta acción a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achegará á finalidade deste convenio a cantidade de 180.268,04 (Cento oitenta mil douscentos sesenta e oito euros con catro céntimos), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 07.03.541B.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019 (fondos propios).

(6) Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular





as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Natural
Por delegación de sinatura (Resolución do 09/08/2019)

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Juan Gómez Apesteguía

